

## SOLEMNIDADE DA SANTÍSIMA TRINDADE (B)

### **PRIMEIRA LECTURA** Dt 4, 32-34. 39-40

Lectura do Libro do Deuteronomio

Faloulle Moisés ó pobo e díxolle: Pregúntalles ós tempos antigos, que houbo antes de ti desde o día en que Deus creou a humanidade sobre a terra, e desde un cabo do ceo ata o outro cabo do ceo: ¿Houbo algo tan grande coma isto ou oíuse algo semellante? ¿Escoitou algún pobo a voz de Deus falándolle desde o medio do lume, tal coma ti a escoitaches, e seguiches vivindo? ¿Ou intentou algún deus vir coller para si unha nación do medio doutros pobos, con castigos, con sinais e prodixios, con guerra, con man forte e brazo estendido, con terrores grandes, de maneira semellante a todo o que o Señor, o voso Deus, fixo no voso favor en Exipto ós teus propios ollos?

Recoñéceo hoxe e dálle voltas no teu corazón: o Señor é Deus, arriba no ceo e abaixo na terra, e que non hai outro.

Garda os seus mandatos e leis que eu mando hoxe: serache bo para ti e para os teus fillos despois de ti, e alongara-los teus días sobre a terra que o Señor, o teu Deus, che vai dar para sempre".

### **SALMO RESPONSORIAL** Sal 32, 4-5. 6 e 9. 18-19. 20 e 22

R/. (12b): **Feliz o pobo a quen Deus escolleu como herdade.**

A palabra do Señor é recta  
e tódalas súas obras son leais:  
el ama o dereito e a xustiza,  
a súa misericordia enche a terra.

A palabra do Señor fixo os ceos,  
o alento da súa boca os astros todos,  
pois El falou, e todo existiu,  
El mandouno, e todo xurdiu.

Os ollos do Señor están postos nos que o temen,  
nos que esperan na súa misericordia,  
para libra—las súas vidas da morte,  
para os manter no tempo da miseria.

Nós agardámo-lo Señor:  
El é o noso socorro, o noso escudo.  
Veña a nós, Señor, a túa misericordia,  
como de ti o esperamos.

## **SEGUNDA LECTURA** Rm 8, 14-17

Lectura da Carta do Apóstolo San Paulo ós Romanos

Irmáns: cantos se deixan guiar polo Espírito de Deus, eses son fillos de Deus. Pois non recibistes un espírito de escravitude, para volverdes ó temor. Non.

Vós recibistes un espírito de fillos adoptivos, gracias ó que podemos gritar: ¡"Abbá": Pai!

Este mesmo Espírito, xuntamente co noso, dá testemuño de que somos fillos de Deus. E, se fillos, tamén herdeiros: herdeiros de Deus e coherdeiros con Cristo; se padecemos con el, é para sermos tamén glorificados con el.

## **EVANXEO** Mt 28, 16-20

Lectura do Santo Evanxeo seguindo Mateo

Naquel tempo, os once discípulos foron a Galilea, ó monte onde Xesús os citara. Vendo a Xesús, prostráronse perante el, anque algúns dubidaban.

Entón acercouse Xesús e díxolles: Déuseme todo poder no ceo e mais na terra. Ide, pois, e facede discípulos meus a tódolos pobos, bautizándoos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo, ensinándolles a gardar canto vos mandei. Asegúrovos que eu estarei sempre convosco ata a fin do mundo.